

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

11344 *Real decreto 804/2011, do 10 de xuño, polo que se regula a ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal das explotacións equinas e se establece o Plan Sanitario Equino.*

A gandería baseada na explotación do equino é unha das máis antigas na historia do noso país, aínda que experimentou importantes cambios no último século. Partindo dunha explotación ligada aos métodos agrícolas, onde as aptitudes de traballo e transporte eran as máis fomentadas, os avances tecnolóxicos e os cambios sociais do país, durante a segunda metade do século XX, motivaron un descenso significativo do censo e unha variación radical das orientacións económico-productivas. No entanto, a consolidación de alternativas ao uso tradicional destes animais, ligadas fundamentalmente ao sector servizos, nas últimas décadas, está a producir a recuperación do sector.

Este novo auxe do equino no seu conxunto, e particularmente do cabalo, veu motivado polas diferentes fórmulas de ocio baseadas na súa utilización, que se converteron no principal piar económico do sector e contan cunha gran demanda social, sen esquecer outras aptitudes como a produción cárnica ou o traballo en diversas zonas do país.

A produción equina constituíuse como unha alternativa consolidada a outras producións gandeiras, cun peso destacado nas políticas de desenvolvemento rural pola súa importancia na creación de emprego e riqueza.

Son necesarias unhas bases comúns para a definición e ordenación do sector e para o impulso desta actividade, en relación cunha serie de aspectos zootécnicos, hixiénicos e sanitarios, todo isto considerando a especificidade da produción equina en cada un dos subsectores que a compoñen. O cumprimento dunhas condicións mínimas de construción e localización, e das hixiénico-sanitarias e de benestar animal, entre outras cuestións, constitúen pezas clave deste tipo de explotacións, presentes tanto en zonas rurais como urbanas. De acordo co marco previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, establécese unha declaración responsable ante a autoridade competente, para as explotacións equinas, salvo no caso dos centros de concentración de animais, especialmente os depósitos ou paradas de sementais e os centros de reprodución, así como no caso das explotacións ligadas á produción de carne para consumo humano, nos cales se fai necesario unha autorización por parte da autoridade competente unha vez que se comprobe o cumprimento das condicións mínimas exixibles, de acordo co previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, así como no caso das explotacións ligadas ao sacrificio de animais para tal efecto, onde se fai necesario unha autorización por parte da autoridade competente por mor do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e do Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal. Isto é así en virtude, no último caso, da normativa sobre seguridade e rastrexabilidade alimentaria, e no primeiro, polo alto risco que se presenta nestas explotacións de difusión de enfermidades infecto-contaxiosas, xa sexa por vía horizontal acentuada pola reunión de animais de distintas procedencias en situacións delimitadas, ou por vía vertical, relacionada coa monta.

Loxicamente, a non existencia de autorización no caso do resto de explotacións límitase á prevista na Lei 8/2003, do 24 de abril, e non empece o cumprimento dos réximes de autorización exixibles no ámbito ambiental ou urbanístico.

Ademais, cómpre avanzar e afondar na comercialización interna e externa tanto dos équidos coma dos seus produtos, para o cal é clave contar cun sector ordenado e organizado nos aspectos mencionados anteriormente.

Por outra parte, e coa finalidade de equiparar a equina ao resto das especies gandeiras, debe elaborarse unha normativa básica que estructure e regule de forma coordinada as actuacións específicas de sanidade animal que permitan ter un coñecemento real da situación de determinadas enfermidades e a adopción, de ser o caso, de medidas para o seu control e erradicación.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, establece nos números 1 e 2 do seu artigo 36, dentro do capítulo I do título III, que as explotacións animais de nova instalación deberán cumprir unhas distancias mínimas con respecto a poboacións, estradas ou outras instalacións ou explotacións que poidan representar unha fonte de contaxio de enfermidades, ademais de dispor da autorización previa da autoridade competente, e que as condicións sanitarias básicas que deben cumprir as explotacións de animais sexan as establecidas pola normativa vixente. Por outra parte, o artigo 25 establece que se realizarán programas nacionais de prevención, control, loita e erradicación fronte a determinadas enfermidades, en función das súas repercusións económicas, sanitarias e sociais.

O obxecto principal deste real decreto é desenvolver os devanditos artigos da lei establecendo as normas de ordenación básicas do sector equino e unhas normas mínimas de prevención e control de certas enfermidades incluídas nun plan sanitario equino.

Por outra parte, o Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, desenvolve un sistema de identificación individual de animais equinos. Este sistema facilitará o acceso á cualificación sanitaria individual dos équidos fronte a determinadas enfermidades.

Finalmente, en materia de benestar animal, a regulación básica encóntrase na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, cuxo artigo 4 debe desenvolverse, para o sector equino, así como para especificar para as explotacións equinas o previsto con carácter xeral no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, e no Convenio europeo de protección dos animais nas explotacións gandeiras feito en Estrasburgo o 10 de marzo de 1976 e ratificado por España mediante Instrumento do 21 de abril de 1988.

Para a elaboración deste real decreto tivéronse en conta criterios zootécnicos, de sanidade e benestar animal, de protección do ambiente e de mellora da calidade e sanidade dos produtos obtidos. Con este real decreto, así mesmo, substitúese a regulación das explotacións equinas que son centros de equitación, que pasan a regularse con esta norma, e axústase a actividade das explotacións para produción de carne á normativa da Unión Europea reguladora dos matadoiros.

Igualmente, na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, e en desenvolvemento, nos aspectos de benestar animal, da Lei 32/2007, do 7 de novembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da entón ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer:

a) As normas básicas de ordenación das explotacións equinas onde se manteñan équidos, en materia de rexistro de explotacións, infraestrutura zootécnica e sanidade e benestar animal.

b) As bases do Plan sanitario equino respecto das enfermidades que se recollen no anexo II.

2. Este real decreto será de aplicación a todas as explotacións equinas radicadas en España.

3. Sen prexuízo da plena aplicación ás explotacións equinas de todo o disposto no Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, salvo ás incluídas no artigo 1.2 do citado Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, cando a normativa da Unión Europea ou nacional xa estableza requisitos específicos en materia de infraestruturas, sanidade e benestar animal, será de aplicación nos devanditos aspectos a citada normativa específica.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, entenderase como explotación equina calquera instalación, construción ou, no caso da cría ao aire libre, calquera lugar en que se teñan, críen ou manexen équidos ou se expoñan ao público, con ou sen fins lucrativos. Para estes efectos, entenderanse incluídas as explotacións con animais da devandita familia: a) silvestres ou semisilvestres; b) domésticos de produción; c) domésticos de compañía.

2. Tamén serán de aplicación, se for o caso, o resto de definicións que, adicionalmente ás vistas nos números 1 e 3, resulten de aplicación ás explotacións equinas, tales como as que se conteñen no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 3 da Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, no artigo 2 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, no artigo 2 do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o programa nacional de conservación, mellora e fomento de razas gandeiras, e no artigo 2 do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro.

3. Ademais, entenderase como:

a) Équidos: mamífero solípedo de calquera especie do xénero *Equus* da familia Equidae, e os seus cruzamentos.

b) Propietario do animal: a persoa que figura como tal na sección 3 do documento de identificación equina ou pasaporte referido no artigo 3 do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, sen prexuízo do previsto na disposición adicional única.

c) Explotación equina de pequena capacidade: aquela que alberga équidos ata un máximo de 5 unidades de gando maior (UGM) ou de 10 UGM no caso de animais de abasto. Para estes efectos, entenderase como:

1.º 1 UGM: todo animal maior de doce meses de idade.

2.º 0,5 UGM: todo animal maior de 6 meses e ata os 12 meses de idade.

3.º 0,2 UGM: todo animal ata os 6 meses de idade.

Artigo 3. *Clasificación das explotacións.*

1. Sen prexuízo do establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, as explotacións equinas, para os efectos da súa clasificación e rexistro, incluíranse nas categorías que figuran nos puntos 1, 2 e 3 do anexo I deste real decreto.

2. Cada explotación terá un único código de explotación para os efectos de rexistro e identificación e, con carácter xeral, corresponderá a unha única categoría das que figuran nos números 1, 2 e 3 do anexo I deste real decreto. Non obstante, unha explotación poderá pertencer a máis dunha das categorías dos números 1 e 3 se as autoridades competentes o consideran oportuno.

Artigo 4. *Condicións mínimas que deben reunir as explotacións equinas, rexistro e autorización.*

1. O titular da explotación equina deberá asegurar que na súa explotación se cumpren as condicións mínimas establecidas nos números 2, 3, 4 e 5, e remitir unha declaración responsable á autoridade competente con anterioridade ao inicio das súas actividades.

Non obstante, no caso dos centros de concentración de équidos, incluíndo os depósitos ou paradas de sementais equinos e centros de reprodución, e das explotacións previstas nos números 2.2.4.2, 2.2.5, 2.2.9, 3.1 (cando sexan para a produción de carne) e 3.4 do anexo I, estarán suxeitos á autorización previa da autoridade competente da comunidade autónoma en que radiquen. Para os devanditos efectos, no caso dos matadoiros, a autorización especificamente deberá incluír o sacrificio de équidos.

2. Condicións de localización das explotacións.

a) As edificacións da explotación que alberguen os animais deberán respectar unha distancia mínima de 200 metros con respecto a outras explotacións equinas, agás os pastos, ou con respecto a calquera outro establecemento ou instalación que poida presentar un risco hixiénico-sanitario. Para estes efectos entenderanse incluídas as plantas que xestionen subprodutos animais non destinados ao consumo humano, os matadoiros, as fábricas de produtos para a alimentación animal, os vertedoiros e calquera outra instalación onde se manteñan animais que poidan representar un risco epizootiolóxico.

Non obstante, a autoridade competente poderá establecer excepcións á devandita distancia por motivos xustificados de sanidade, benestar animal, reordenación ou concentración de explotacións ou por motivo dos particulares condicións xeográficas da área en cuestión.

b) Ademais, deberá respectar unha distancia mínima de 100 metros das seguintes vías públicas: ferrocarrís, autoestradas e autovías, e de máis de 25 metros de calquera outra vía pública, salvo aquela pola que se acceda directamente á entrada da explotación, vías pecuarias, calzadas romanas ou outras vías sen asfaltar.

c) A medición, para o cálculo das distancias citadas nas alíneas a) e b), efectuarase a partir do punto das edificacións máis próximo ás explotacións ou establecementos ou instalacións, á vía ferroviaria ou á vía respecto da cal se pretende establecer a citada distancia, ou, no seu defecto, desde as áreas ao aire libre que alberguen os animais que se encontren máis próximos á instalación respecto da cal se pretende establecer a citada distancia, e ata o referido, para as vías, no artigo 13 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, e no artigo 21 da Lei 25/1988, do 29 de xullo.

d) As mencionadas condicións de localización aplicaranse, así mesmo, ás ampliacións de superficie para o mantemento de équidos que realicen as explotacións que se encontren en funcionamento no momento da entrada en vigor deste real decreto, de forma que só se poderá levar a cabo se se respectan as condicións establecidas nas alíneas a) e b), sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira.

e) A autoridade competente poderá eximir dos requisitos de localización as explotacións de pequena capacidade, sempre que se comprobe que, polas condicións destas, non presentan riscos para a sanidade animal.

3. Condicións xerais das construcións e instalacións.

a) A explotación situarase nunha área delimitada, illada do exterior e que permita un control eficaz de entradas e saídas de vehículos, persoas e animais mediante un valado perimetral ou sistemas equivalentes.

b) A explotación disporá dun sistema apropiado ás características de cada explotación para a correcta limpeza e desinfección de vehículos, calzado dos operarios e visitantes, e locais, material e utensilios que están en contacto cos animais.

c) Deberán dispor de auga en cantidade e calidade hixiénica adecuadas para os animais e de dispositivos de reserva de auga ou sistemas equivalentes que aseguren a súa subministración axeitada en todo caso.

d) Deberán dispor de sistemas apropiados de manexo dos animais, deseñados para facilitar a aplicación de medidas zootécnicas así como os traballos de identificación e control.

e) Disporán dun almacén ou área destinada especificamente ao almacenamento de pensos que evite a súa deterioración, a contaminación por axentes exógenos e o acceso de animais.

f) Contarán con medios adecuados para a observación e illamento de animais sospeitosos de estaren infectados por enfermidades infecciosas ou infectados por estas, conforme as características da explotación.

g) Para a xestión dos estercos xerados nas instalacións de estabulación, deberán dispor de esterqueiras impermeabilizadas natural ou artificialmente, que eviten o risco de filtración e contaminación das augas superficiais ou subterráneas, con capacidade abonda para permitir a xestión adecuadas daqueles.

h) No caso de concentracións de équidos para concursos ou competicións ou para actividades de carácter lúdico ou cultural deberán, se a autoridade competente así o considera necesario, dispor de dispositivos de ducha para cabalos e ter acceso a asistencia veterinaria.

Non obstante o anterior, o previsto na alínea a) non será de aplicación ás poboacións de équidos que vivan en condicións silvestres ou semi-silvestres, o previsto nas alíneas b), e), f) e g) non será de aplicación ás explotacións equinas extensivas, e o establecido nas alíneas b), d), e), f) e g) non será de aplicación ás explotacións equinas de pequena capacidade, aínda que deberán realizar unha adecuada xestión de estercos.

4. Condicións hixiénico-sanitarias.

a) Existirá na explotación e aplicarase nela, por persoal suficiente en función do seu tamaño, un programa hixiénico-sanitario básico baixo a supervisión do veterinario oficial, habilitado ou autorizado. Este programa deberá estar á disposición da autoridade competente e deberá ser actualizado, polo menos, cada catro anos.

O programa comprenderá, como mínimo, as seguintes actuacións:

1.º Programa de prevención fronte ás enfermidades infecciosas e parasitarias.

2.º Programa de coñecementos básicos en materia de bioseguridade e benestar animal, adecuados para as persoas ao coidado dos animais. Así mesmo, nas paradas de sementais ou outras explotacións en que se leve a cabo a reprodución animal con destino a animais doutras explotacións, comprenderá tamén formación básica na devandita materia.

3.º Programa de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización das instalacións, adecuados a cada tipo de explotación.

b) Adoptaranse as medidas oportunas para garantir a correcta xestión dos animais mortos e outros subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

Non obstante, a autoridade competente poderá eximir do cumprimento total ou parcial do número 4.a) as explotacións gandeiras equinas de pequena capacidade, ou centros de concentración de équidos que teñan carácter temporal, salvo, neste último caso, as paradas.

5. Condicións para garantir o benestar animal. Sen prexuízo do previsto na Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte e sacrificio, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As explotacións disporán de instalacións ou sistemas apropiados que permitan, na medida en que sexa necesario e posible, a protección contra as inclemencias do tempo e os depredadores.

b) Os materiais que se utilicen para a construción, en particular de recintos e de equipamentos cos que os animais poidan estar en contacto, non deberán ser prexudiciais para os animais e deberán poder limparse e desinfectarse a fondo.

c) As instalacións para aloxar os animais construíranse e manteranse de forma que non presenten bordos afiados nin saíntes, que lles poidan causar feridas aos animais, e

que prevegan o necesario valado en función do tipo de explotación, salvo, neste último caso, nas explotacións extensivas, pastos e de animais silvestres ou semisilvestres.

d) No interior das construcións onde se aloxen animais, a circulación do aire, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gases deben manterse dentro dos límites que non sexan prexudiciais.

e) Non se limitará a liberdade de movementos propia dos animais de maneira que se lles causen sufrimento ou danos innecesarios, tendo en conta a idade do animal e o seu estado fisiolóxico.

f) Os animais deberán recibir unha alimentación sa, que sexa adecuada á súa idade e especie e en suficiente cantidade co fin de manter o seu bo estado de saúde e de satisfacer as súas necesidades de nutrición. Todos os animais deberán ter acceso á auga, en cantidade e calidade suficiente.

Artigo 5. *Rexistro de explotacións equinas.*

1. Integrado no Rexistro xeral de explotacións gandeiras establecido no artigo 3 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, ao cal se aterá no que se refire ao seu contido e funcionamento, créase unha nova sección relativa ao rexistro xeral de explotacións equinas. O devandito rexistro, adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, conterá a información relativa a todas as explotacións da familia Equidae radicadas en España.

2. As comunidades autónomas inscribirán no rexistro as explotacións, de acordo co establecido no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, conforme as clasificacións previstas no anexo I, e farán constar os datos establecidos no anexo II do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, agás os puntos B.11 (clasificación segundo a forma de cría) e B.15 (capacidade máxima), de acordo co disposto na epígrafe B do citado anexo.

No caso das declaracións responsables a que se refire o artigo 4.1, inscribíranse as explotacións nun prazo non superior a un mes desde a recepción da dita declaración responsable debidamente cuberta en todos os seus aspectos.

3. Os titulares das explotacións equinas, agás centros de concentración, matadoiros e todas aquelas que non aloxen ou alberguen animais de forma permanente, ademais de cumpriren coas obrigas previstas no artigo 4 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, deberán subministrarlle á autoridade competente, antes do 1 de marzo de cada ano, o censo de animais mantidos na súa explotación, en 31 de decembro do ano anterior, de acordo coas seguintes categorías de animais:

Número de animais con menos de 6 meses.

Número de animais maiores de 6 meses e menores de 12 meses.

Número de animais maiores de 12 meses e menores de 36 meses.

Número de animais maiores de 36 meses.

Número de sementais.

Número de femias de ventre.

Número de non reprodutores.

Artigo 6. *Libro de explotación.*

1. O libro de explotación, que poderá ser levado de forma electrónica, deberá ter un formato aprobado pola autoridade competente e deberá conter os datos mínimos que se indican no anexo IV.

Non obstante o anterior, o libro de explotación dos matadoiros poderá non incluír os datos contidos nas alíneas b), f), g), j), k) e l) do anexo IV, e deberán, ademais, en calquera caso, reter o DIE do animal sacrificado, e facer constar no libro de explotación que se comprobou que no DIE adxunto consta expresamente, na parte II da súa sección IX, que se trata dun animal destinado desde a súa orixe ao sacrificio para consumo humano. O sinalado neste número entenderase sen prexuízo do resto de comprobacións das restantes seccións do DIE e sen prexuízo do resto de información que debe ter no seu poder para os efectos do cumprimento do Real decreto 361/2009, do 20 de marzo, polo que se regula

a información sobre a cadea alimentaria que debe acompañar os animais destinados a sacrificio, e de acreditación do exixido no Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, e, neste último caso, a partir do 1 de xaneiro de 2013, no Regulamento (CE) n.º 1099/2009, do Consello, do 24 de setembro de 2009.

2. Sen prexuízo do cumprimento do disposto na normativa especial sobre rexistro de explotacións e movementos e identificación, o titular da explotación equina deberá garantir que os datos do libro de explotación:

- a) Sexan rapidamente actualizados, de forma manual ou electrónica.
- b) Sexan inmediatamente accesibles para a autoridade competente, a petición desta, durante un período non inferior a tres anos desde a última anotación.

3. As autoridades competentes poderán eximir as explotacións non comerciais de pequena capacidade e mais os pastos da necesidade de contaren co libro de explotación, ben que en tal caso estas explotacións deberán levar un libro simplificado en que consten, polo menos, os datos relativos ao propietario, á identificación dos animais e aos nacementos e mortes destes.

Artigo 7. *Outras obrigas.*

1. O titular da explotación deberalles facilitar, de ser o caso, a información necesaria para o cumprimento das obrigas aos titulares dos animais e prover os medios para a formación dos seus operarios en materia de benestar animal e bioseguridade, así como dispor de persoal facultado para o manexo de biocidas, en caso necesario.

2. O propietario do équido deberá permitir a realización dos controis sanitarios previstos neste real decreto, así como as actuacións derivadas da aplicación, de ser o caso, do programa hixiénico-sanitario básico previsto no artigo 4 e dos programas sanitarios previstos no artigo 8, e asumir os custos que deles deriven. Tamén lle facilitará ao titular da explotación a información necesaria para o cumprimento das súas obrigas e cumprirá as medidas hixiénico-sanitarias establecidas para as explotacións onde se aloxen os seus animais.

Artigo 8. *Programas sanitarios.*

1. O programa de control sanitario oficial das enfermidades incluídas na parte A do anexo II e o programa de vixilancia epizootiolóxica oficial das enfermidades incluídas na parte B do anexo II será realizado ou ben pola autoridade competente da comunidade autónoma ou ben baixo a súa supervisión.

2. O programa de control realizarase de acordo ao establecido nas partes I e II do anexo III.

3. O programa de vixilancia será examinado polo Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria regulado nos artigos 27 e 28 da Lei 8/2003, do 24 de abril, que poderá elevar ás autoridades competentes as correspondentes recomendacións ou propostas.

Artigo 9. *Información sanitaria.*

A inclusión dun équido nun dos programas previstos no artigo 8, os resultados destes, as cualificacións sanitarias e a información das vacinacións realizadas deberán ser incluídas no rexistro de identificación individual de animais equinos establecido por Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro.

Artigo 10. *Condicións sanitarias para a cubrición aplicables aos cabalos suxeitos ao programa de control sanitario oficial establecido no artigo 8.*

As cubricións dos cabalos reprodutores suxeitos ao programa de control sanitario oficial establecido no artigo 8 só se poderán realizar nas condicións previstas nas partes I e II do anexo III.

Artigo 11. *Laboratorios.*

O laboratorio nacional de referencia para as enfermidades incluídas no anexo II é o Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, situado en Algete (Madrid).

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

No caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, na Lei 32/2007, do 7 de novembro, e na correspondente normativa das comunidades autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que procederen.

Disposición adicional única. *Animais abandonados.*

Non obstante o previsto no artigo 2.3.b), no caso de animais abandonados da especie equina que se encontren en centros de aollida ou recollida, entenderase como propietario do animal o posuidor ou propietario do centro, que será o responsable dos danos que o animal poida causar a terceiros.

Disposición transitoria única. *Explotacións existentes.*

As explotacións existentes con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, e que non cumpran algunha das condicións exixidas no artigo 4, a excepción das distancias, nas que non será necesaria a súa adaptación, disporán dun prazo de 24 meses a partir da entrada en vigor desta norma para cumpriren o establecido no artigo 4.3 e un prazo de 12 meses para cumpriren o establecido nos artigos 4.4 e 4.5.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Ao entrar en vigor este real decreto quedan derogados:

a) Os artigos 276 a 287, 342 a 345, 358 a 360, 365 a 368, 375, 376, 380 a 382 e 392 a 394 do Regulamento de epizootias, aprobado polo Decreto do 4 de febreiro de 1955.

b) O Decreto 1119/1975, do 24 de abril, sobre autorización e rexistro de núcleos zoolóxicos, establecementos para a práctica da equitación, centros para o fomento e coidado de animais de compañía e similares, e a Orde do 28 de xullo de 1980 pola que se dan normas sobre núcleos zoolóxicos, establecementos para a equitación, centros para fomento e coidado de animais de compañía e similares, no relativo a núcleos zoolóxicos que alberguen équidos.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.*

O Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. Aplicarase aos animais de produción tal e como se definen no artigo 3.2 da Lei 8/2003, do 24 de abril, e, en particular, aos pertencentes ás especies mencionadas no anexo I deste real decreto. Non se aplicará aos animais de compañía, aos animais domésticos, nin á fauna silvestre, tal e como se definen nos números 3, 4 e 5, respectivamente, do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, salvo a aqueles que entren no ámbito de aplicación da normativa básica de ordenación zootécnica, sanitaria e de benestar animal do sector equino. As disposicións normativas específicas de cada sector poderán establecer, así mesmo, excepcións no rexistro das explotacións sen fins lucrativos.»

Dous. Engádesse un novo número 3 no anexo III, con este contido:

«3. A clasificación das explotacións equinas rexerese polo disposto na normativa básica en materia de ordenación zootécnica e sanitaria do dito sector.»

Tres. O último parágrafo do punto B do anexo II substitúese polo seguinte:

«A información dos números 5, 6, 8, 9, 10, 11, 15, 17 e 18 recollerase sempre que proceda, de acordo coas disposicións normativas aplicables de carácter sectorial e/ou sanitario. En ningún caso se recollerá para as explotacións equinas a información dos números 10 e 11, sen prexuízo do previsto na súa normativa específica respecto da entrega dos DIE polos matadoiros que sacrifiquen cabalos para consumo humano.»

Catro. Engádesse un novo número 4 no artigo 4, con este contido:

«4. O disposto no número anterior non será aplicable ás explotacións equinas que sexan centros de concentración, matadoiros e todas aquelas que non aloxen ou alberguen animais de forma permanente.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. Non obstante o previsto no parágrafo anterior, as condicións sanitarias para a cubrición establecidas no artigo 10 entrarán en vigor 12 meses despois da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 10 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO I

Clasificación de explotacións equinas

As explotacións equinas clasificaranse e rexistraranse segundo os seguintes criterios.

1. Segundo o sistema produtivo:

1.1 Explotación equina extensiva: aquela en que os animais non están aloxados nin son alimentados dentro de instalacións de forma permanente, alimentándose principalmente de pastos.

1.2 Explotación equina intensiva: aquela en que os animais están aloxados e son alimentados dentro de instalacións de forma permanente.

2. Segundo o tipo:

2.1 Explotacións equinas de produción e reprodución: aquelas que manteñen e crían équidos co obxecto de obter un fin lucrativo das súas producións (incluíndo os animais selectos, seme ou embrións). Así mesmo, inclúiranse neste tipo as explotacións que non pertencen a ningún dos recollidos no número 2.

2.2 Explotacións gandeiras especiais. Dentro destas distínguense os seguintes subtipos:

2.2.1 Explotacións de tratantes ou operadores comerciais: aquelas pertencentes a calquera persoa física ou xurídica rexistrada na actividade, dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de équidos con fins comerciais inmediatos, que ten unha cifra de negocio regular con eles, os vende ou os traslada das primeiras instalacións a outras que non lle pertencen.

2.2.2 Centros de concentración de équidos:

2.2.2.1 Centros de testaxe e/ou selección: recoñecidos oficialmente para este fin e que valoran e/ou seleccionan e explotan reprodutores de razas puras, sobre a base do programa de mellora aprobado oficialmente.

2.2.2.2 Depósitos ou paradas de sementais equinos e centros de reprodución: son aquelas explotacións destinadas a albergar équidos machos de forma temporal ou permanente e cuxa actividade é a de ofertar servizos de monta ou de reprodución e distribución de seme equino para a inseminación artificial e os centros de agrupamento de équidos oficialmente autorizados para a obtención de material xenético

2.2.2.3 Certame gandeiro: aquela actividade autorizada en que se reúne o gando en instalacións adecuadas, con destino á súa transacción comercial, sexa para reprodución, ceba ou sacrificio ou outro aproveitamento, ou con destino á súa exposición ou mostra, ou á súa valoración e posterior premio, de ser o caso, e nas que poden participar todos os gandeiros ou persoas interesadas que reúnan, en cada caso, os requisitos exhibibles. Poderán ser:

2.2.2.3.1 Certame gandeiro permanente.

2.2.2.3.2 Certame gandeiro non permanente.

2.2.3 Concentracións de équidos.

2.2.3.1 Concentracións de concurso ou competición: son aquelas explotacións dedicadas, con carácter permanente ou temporal, a albergar équidos para o desenvolvemento do deporte ecuestre.

2.2.3.2 Concentracións de équidos de carácter lúdico ou cultural.

2.2.4 Explotacións de ocio, ensino e investigación: instalacións nas que se manteñen, con carácter permanente, équidos con finalidades de esparexemento ou didácticas, incluíndo os centros en que se manteñen équidos para fins experimentais ou outros fins científicos.

2.2.4.1 Centros de ensino (granxas escola, etc.): instalacións nas que se manteñen, con carácter permanente, animais con finalidade didáctica.

2.2.4.2 Centros de animais de experimentación: establecementos (incluídas facultades) nos que se manteñen animais para fins experimentais ou outros fins científicos.

2.2.4.3 Núcleos zoolóxicos de équidos: aquelas explotacións dedicadas a albergar équidos para colección, exhibición ou recuperación e os hospitais veterinarios que atendan équidos.

2.2.4.4 Explotacións para a práctica ecuestre: instalacións nas que se manteñen, con carácter permanente, animais con finalidade de esparexemento. Tamén se entenderán como tales os establecementos de apoio social, que son aquelas explotacións dedicadas a albergar équidos para o desenvolvemento de actividades de hipoterapia.

2.2.4.5 Explotación non comercial: aquela explotación dedicada ao mantemento de équidos por un particular, sen fin empresarial ou comercial inmediato, sen prexuízo de que serán tratadas como explotacións comerciais sempre que superen as 5 UGM.

2.2.5 Matadoiro de équidos: todo establecemento onde se sacrifican e preparan équidos cuxa carne está destinada ao consumo humano cumprindo coa lexislación vixente e que conte co correspondente número de rexistro xeral sanitario de empresas alimentarias e alimentos.

2.2.6 Prazas de touros: aqueles edificios ou recintos específica ou preferentemente construídos para a celebración de espectáculos taurinos.

2.2.7 Centros de inspección.

2.2.8 Centros de corentena.

2.2.9 Postos de control: lugar en que os équidos descansan un mínimo de 12 horas, conforme a normativa comunitaria sobre protección dos animais, durante o seu transporte.

2.2.10 Pastos: aquelas explotacións que albergan équidos de forma permanente ou ocasional para o aproveitamento mediante pastoreo das producións vexetais naturais ou sementadas do terreo, e declaradas como tal pola autoridade competente.

2.2.11 Explotacións (poboacións ou áreas) de cabalos silvestres ou semisilvestres: aquelas determinadas de acordo co artigo 11 do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro.

2.2.12 Centros de acollida ou recollida de équidos abandonados.

3. Segundo a orientación zootécnica, as explotacións de produción e reprodución poderán ser:

3.1. Explotacións de reprodución para produción de carne: aquelas explotacións que manteñen e crían femias de razas cárnicas de équidos para a súa reprodución co obxecto de obter novos reprodutores ou animais para carne ou traballo, con ou sen fin lucrativo, das súas producións. Nesta clasificación inclúiranse aquelas explotacións que non pertencen a ningunha das recollidas nos números seguintes.

3.2. Explotacións de reprodución para sela: aquelas explotacións que manteñen e crían femias de razas de sela para a súa reprodución.

3.3. Explotacións de reprodución mixtas: aquelas explotacións que manteñen e crían femias de razas cárnicas e de sela para a súa reprodución.

3.4. Explotacións de ceba: aquelas explotacións dedicadas ao engorde de équidos procedentes de explotacións equinas de reprodución e explotacións consideradas na presente clasificación cuxo destino é o seu sacrificio en matadoiro.

ANEXO II

Enfermidades

PARTE A. Enfermidades suxeitas ao programa sanitario de control oficial do artigo 8.

Arterite viral equina.

Metrite contaxiosa equina.

PARTE B. Enfermidades suxeitas ao programa de vixilancia epizootiolóxica do artigo 8.

Peste equina africana.

Encefalite do oeste do Nilo.

Durina (*Trypanosoma equiperdum*).

Encefalomielite equina (todas as variedades, incluídas a encefalomielite equina venezolana).

Anemia infecciosa equina.

Mormo.

Gripe equina.

Piroplasmose equina.

Rinopneumonite equina.

Surra (*Trypanosoma evansi*).

ANEXO III

Programa de control

PARTE I. Programa de control sanitario oficial fronte á arterite viral equina

1. Cabalos reprodutores suxeitos ao programa, controis e técnicas analíticas.

a) Cabalos reprodutores suxeitos ao programa: estarán suxeitos ao programa os cabalos reprodutores, que estean no territorio nacional, temporal ou permanentemente, e vaian prestar ou utilizar os servizos a terceiros de cubrición natural de paradas ou depósitos de sementais e centros de reprodución públicos ou privados.

b) Controis analíticos: os cabalos reprodutores suxeitos ao programa deberán ser sometidos a un control analítico con toma de mostras con carácter, polo menos, anual para determinar a súa cualificación sanitaria nos termos seguintes:

1.º Sementais: o control analítico deberá realizarse dentro dos tres meses previos a que realice a primeira cubrición do ano.

2.º Eguas reproductoras: o control analítico deberá realizarse dentro dos tres meses previos a que sexa cuberta por primeira vez no ano.

c) Técnicas analíticas: as mostras obtidas nos controis analíticos referidos na letra b) serán analizadas mediante as técnicas analíticas serolóxicas ou de identificación do virus descritas no Manual das probas de diagnóstico e das vacinas para os animais terrestres da Organización Mundial para a Sanidade Animal (OIE).

2. Cualificacións sanitarias oficiais fronte a arterite viral equina.

En función dos resultados analíticos dos controis anteriormente descritos, os cabalos reprodutores suxeitos ao programa deberán cualificarse oficialmente nalgunha das cualificacións seguintes:

a) Cabalo reprodutor sen cualificar (AVO). Semental ou egua reproductora dos que se descoñece o seu status sanitario fronte á arterite viral equina.

b) Cabalo reprodutor seropositivo (AV1). Semental ou egua reproductora cun resultado positivo á técnica serolóxica descrita no punto 1.c).

c) Os sementais seropositivos deberán someterse á técnica para a identificación do virus en seme descrita no punto 1.c) para determinar se son portadores do virus. En función do resultado a esta técnica analítica os sementais seropositivos clasificaranse en:

1.º Semental seropositivo portador (AV2): semental seropositivo con resultado positivo ás técnica para a identificación do virus en seme.

2.º Semental seropositivo non portador (AV3): semental seropositivo con resultado negativo ás técnica para a identificación do virus en seme no último trimestre do ano anterior ou no mesmo ano en que o semental se considera cualificado.

d) Cabalo reprodutor seronegativo (AV4). Semental ou egua reproductora con resultado negativo á técnica serolóxica descrita no punto 1.c).

e) Semental vacunado (AV5). Semental vacunado de acordo co protocolo establecido no punto 4.

3. Normas para a cubrición.

Os cabalos reprodutores cunha cualificación sanitaria de AVO non poderán ser utilizados con fins reprodutivos.

Para o resto de cabalos reprodutores, e en función das cualificacións sanitarias oficiais descritas anteriormente, as normas de cubrición que deberán seguirse serán as descritas na seguinte táboa:

	Sementais sen cualificar (AV0)	Sementais seronegativos (AV4)	Sementais seropositivos portadores (AV2)	Sementais seropositivos non portadores (AV3)	Sementais vacinados (AV5)
Eguas reprodutoras sen cualificar (AV0).	NON	NON	NON	NON	NON
Eguas reprodutoras seronegativas (AV4).	NON	SI	NON	SI	SI
Eguas reprodutoras seropositivas (AV1).	NON	SI *	SI	SI *	SI *

*As eguas reprodutoras seropositivas non poderán ser cubertas ata transcorridos 30 días desde que se tomou a mostra que produciu o resultado positivo.

Como excepción ao parágrafo anterior, si poderán ser cubertas antes do prazo mencionado aquelas eguas reprodutoras nas que se realizase unha segunda análise pola técnica serolóxica descrita na letra c) que indique que non se produciu un incremento no título de anticorpos, tras unha extracción de mostra tomada polo menos 14 días desde a primeira extracción que produciu o resultado analítico positivo.

A monta ou a cubrición dun cabalo reprodutor suxeito ao programa por un cabalo non suxeito ao programa implicará a necesidade do primeiro de repetir os controis analíticos para volver obter unha cualificación sanitaria.

4. Vacinacións.

Para os efectos da obtención da cualificación sanitaria oficial de semental vacinado (AV5), a vacinación deberá ser realizada de acordo co seguinte protocolo:

1.º Realizaranse dous controis analíticos cun intervalo de 28 días entre cada control con resultados analíticos negativos ás técnicas descritas no punto 1.c).

2.º Manteranse os sementais illados doutros équidos mentres se dispón do resultado das técnicas analíticas.

3.º Manteranse os sementais illados doutros équidos ata que se realice a vacinación baixo a supervisión da autoridade competente.

4.º Manteranse os sementais vacinados 28 días illados doutros équidos tras a vacinación.

5.º Revacinaranse os sementais periodicamente, segundo as prescricións da vacina.

PARTE II. Programa de control sanitario oficial fronte a metrite contaxiosa equina.

1. Cabalos reprodutores suxeitos ao programa, controis e técnicas analíticas.

a) Cabalos reprodutores suxeitos ao programa.

Estarán suxeitos ao programa os cabalos reprodutores, que estean no territorio nacional, temporal ou permanentemente, e vaian prestar ou utilizar os servizos a terceiros de monta natural de paradas ou depósitos de sementais e centros de reprodución públicos ou privados.

b) Controis analíticos.

Os cabalos reprodutores suxeitos ao programa deberán ser sometidos a un control analítico con toma de mostras para determinar a súa cualificación sanitaria nos termos establecidos nos seguintes puntos.

1.º Sementais.

Realizaranse dous controis analíticos cun intervalo non inferior a 7 días dentro dos tres meses previos a que se realice a primeira cubrición do ano.

En cada control analítico, as mostras tomaranse de acordo aos seguintes principios:

Realizarase un lavado do aparello xenital externo con solución fisiolóxica estéril ou produto similar pero nunca con desinfectantes.

Tomaranse con hisopos diferentes mostras de prepucio, uretra e de fosa uretral. Cando sexa posible, tamén se tomará un hisopo humedecido en líquido pre-exaculatorio ou seme.

As mostras deberán ser trasladadas ao laboratorio protexidas do desecamento e o máis rapidamente posible, para evitar a perda de viabilidade da bacteria. Para iso, os hisopos coas mostras depositaranse no medio de transporte de Amies modificado con carbón activado.

As mostras deberán enviarse refrixeradas e chegar ao laboratorio antes das 48 horas despois da súa recolección, xa que o axente causal é pouco resistente.

2.º Eguas reprodutoras.

Dentro dos tres meses previos á cubrición, as femias reprodutoras serán obxecto dun control analítico con toma de mostras seguindo os seguintes principios:

Realizarase un lavado do aparello xenital externo con solución fisiolóxica estéril ou produto similar pero nunca con desinfectantes.

Tomaranse mostras introducindo un hisopo na fosa e seos clitorideos e rotando e raspando a mucosa de ambas as dúas zonas. Cando sexa posible, tomaranse mostras do útero ou endometrio utilizando un hisopo de lonxitude adecuada.

As mostras deberán ser trasladadas ao laboratorio protexidas do desecamento e o máis rapidamente posible, para evitar a perda de viabilidade da bacteria. Para iso, os hisopos coas mostras depositaranse no medio de transporte de Amies modificado con carbón activado.

As mostras deberán enviarse refrixeradas e chegar ao laboratorio antes das 48 horas despois da súa recolección, xa que o axente causal é pouco resistente.

c) Técnicas analíticas.

As mostras obtidas nos controis analíticos serán analizadas mediante as técnicas analíticas descritas no Manual das probas de diagnóstico e das vacinas para os animais terrestres da Organización Mundial para a Sanidade Animal (OIE).

2. Cualificacións sanitarias oficiais fronte a metrite contaxiosa equina.

En función dos resultados analíticos dos controis anteriormente descritos, os cabalos reprodutores suxeitos ao programa deberán cualificarse oficialmente nalgunha das cualificacións seguintes:

a) Cabalo reprodutor sen cualificar (MCE0). Semental ou egua reprodutora dos que se descoñece a situación sanitaria fronte á metrite contaxiosa equina.

b) Cabalo reprodutor positivo (MCE1). Semental ou egua reprodutora con resultado positivo á técnica analítica descrita anteriormente.

c) Cabalo reprodutor negativo (MCE2). Semental ou egua reprodutora con resultado negativo á técnica analítica descrita anteriormente.

3. Normas de cubrición.

Soamente os cabalos reprodutores cunha cualificación sanitaria de MCE2 poderán ser utilizados con fins reprodutivos.

A monta ou a cubrición dun cabalo reprodutor suxeito ao programa por un cabalo non suxeito ao programa implicará a necesidade do primeiro de repetir os controis analíticos para volver obter unha cualificación sanitaria.

ANEXO IV

Contido mínimo do libro de explotación

a) Código REGA da explotación.

b) Nome, coordenadas xeográficas e/ou enderezo da explotación.

- c) Identificación do titular, NIF, pasaporte ou tarxeta de residencia, enderezo completo e, de ser o caso, teléfono fixo e/ou móbil, e/ou fax.
- d) Códigos de identificación dos animais presentes na explotación, de acordo co establecido no Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro.
- e) Especie, sexo, raza e data de nacemento do animal.
- f) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta, se for o caso, e identificación do veterinario actuante.
- g) Nacementos e mortes na explotación coa data do suceso.
- h) Posibles incidencias na identificación dos animais.
- i) Entrada de animais: data, código da explotación de procedencia, identificación do animal, número de guía, certificado sanitario ou documento de traslado, identificación do transportista e número de matrícula do vehículo e, se for o caso, da parte do medio de transporte que conteña os animais.
- j) Saída de animais: data, código da explotación de destino, identificación do animal e número de guía, certificado sanitario ou documento de traslado.
- k) Identificación das persoas ao coidado dos animais.
- l) Nome, apelidos e sinatura do representante das autoridades competentes que comprobasen o rexistro e a data en que se levou a cabo a comprobación.